



## **BASES DA CONVOCATORIA DE 7 DINAMIZADORAS/ES DAS SESIÓNS DO PEMAN**

O Programa de Estudos en Man Común (PEMAN) Ruralidades, Feminismos e Comúns [[estudosenmancomun.gal](http://estudosenmancomun.gal)], é un espazo experimental de pensamento e acción, impulsado pola Universidade de Santiago de Compostela, a través do grupo de investigación HISTAGRA, os sete grupos pertencentes á rede REVOLTA, e coordinado polo colectivo Montenoso.

O PEMAN aspira a converterse nun espazo novo de intercambio e produción de coñecementos a través dunha rede que conecta distintos grupos de investigación, comunidades de montes, centros de arte contemporánea, colectivos, movementos sociais e institucións diversas. Xúntanse para colaborar na construción de novas narrativas que aborden os tres eixos epistémicos propostos: comúns, ruralidades e feminismos.

O Programa investiga sobre o mancomún e a súa relectura e aprendizaxe, enlazándose con outras formas de facer comúns, así como coas vellas e novas formas de vivir o medio rural, o repoboamento ou as ruralidades non normativas. Aposta pola investigación arredor dos feminismos, a través dos cales aprendemos estratexias de re(ex)istencia, recuperando e vindicando a micropolítica .

A metodoloxía do Programa baséase na investigación-acción participante e articúlase en base a asembleas internas de traballo e a unha serie de sesións dinamizadas por persoas externas chamadas Módulos (re) produtivos.

A través desta convocatoria buscamos 7 persoas ou colectivos que queiran candidarse a facer unha proposta para dinamizar cada un destes Módulos (re)produtivos e que ha consistir en achegarse a un eixo temático, unha proposta de metodoloxía e un marco referencial no que esta sesión se inserta. A temática destes módulos (re)produtivos será libre, sempre que xire arredor dos 3 grandes eixos temáticos do PEMAN.

Procuramos propostas que apelen a cuestións como: Como afectan os comúns a xestión da terra? Poden os comúns practicarse noutros contextos? Pode o feminismo axudar a establecer outros vínculos entre as ruralidades e os comúns? Os movementos sociais son/fan parte da creación contemporánea á hora de tecer novos relatos? É posible poñer a vida no centro? Como é o rural hoxe? Que relacións se dan entre a cidade e o campo? Que poder transformador ten a hibridación dos comúns, das ruralidades e dos feminismos? (Estas cuestións son a modo orientativo).

Esta convocatoria enmárcase dentro dun programa co-financiado a través da convocatoria impulsada pola Fundación Daniel & Nina Carasso Arte Cidadá 2015 - Compoñer os saberes para comprender mellor os desafíos do mundo contemporáneo. Ten un carácter transdisciplinar na intersección entre arte, ciencia e sociedade. Aspiramos a ter propostas que vinculen estes mundos, que os hibriden, que se relacionen entre si. A metodoloxía é diversa e debe adaptarse a cada proposta temática, pero valoraranse as que vaian alén dunha charla ou conferencia e aposten por outros modos de facer.

## DÍAS E LUGARES

(a modo de orientación)

Sábado 26 de novembro en Carballo (Friol)

Sábado 10 de decembro en Allariz

Sábado 27 de xaneiro na Comunidade Veciñal de Vincios

Sábado 25 de febreiro no Alg-a Lab de Vigo

Sábado 24 de marzo no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo

Sábado 29 abril: 2 sesións en Madrid no MediaLab Prado

## HONORARIOS

A organización cubrirá os custes de desprazamento das persoas dinamizadoras seleccionadas. Tamén aportará 150 euros en concepto de honorarios pola dinamización da xornada.

## COMO PARTICIPAR?

Aquelas persoas que desexen facer unha proposta deben enviar un correo a [info@estudosenmancomun.gal](mailto:info@estudosenmancomun.gal) coa seguinte información (en formato pdf):

Título da proposta

Nome e apelidos (poden participar persoas ou colectivos)

Breve CV (non máis dunha folia)

Proposta de dinamización da sesión. Aquí debes indicar, nun máximo de 2 páxinas, unha breve explicación.

Un documento asinado que inclúa: Eu xxx, ao participar na presente convocatoria confirmo que lín e acepto as bases da convocatoria, ao tempo que permito aos membros do xurado a lectura da proposta enviada.

Recibiranse solicitudes ata o 12 de agosto de 2016, e o 15 de setembro farase pública a resolución a través da nosa web [estudosenmancomun.gal](http://estudosenmancomun.gal).

## OS CRITERIOS DE SELECCIÓN SERÁN:

- Adecuación aos obxectos de estudo
- Claridade de ideas
- Innovación na proposta e na metodoloxía da sesión
- Relevancia teórica da proposta
- Aplicación práctica da proposta
- Impacto da proposta na visibilización das problemáticas prantexadas
- Perspectiva crítica

## COMITÉ DE SELECCIÓN

O Comité de Selección está composto polas persoas comuneiras do PEMAN, é dicir as participantes da 1ª capa de participación e a Coordinación do PEMAN.

Para obter máis información, [info@estudosenmancomun.gal](mailto:info@estudosenmancomun.gal) e en <http://estudosenmancomun.gal/>

Impulsa



Colaboran

